- Consideralo como unha ferramenta necesaria para un maior crecemento persoal, para multiplicar as posibilidades futuras de mobilidade universitaria e para un mellor desenvolvemento no campo profesional dos nosos alumnos.

A selección da Educación Artística e da Educación Física, como áreas non lingüísticas da EP e da ESO, para o desenvolvemento deste proxecto de plurilingüismo faise en base a que ambas materias implican numerosos procesos e instrucións verbais, ademais dunha enorme riqueza de vocabulario.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar o uso da lingua galega en tódalas actividades do centro coa participación de todos os membros da comunidade educativa.
- Potenciar a presenza no ensino da realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, arte e folclore galegos.
- Reforzar a dimensión comunicativa da lingua inglesa.
- Valorar a lingua inglesa como instrumento de transmisión e construción de coñecementos.



DEPARTAMENTO DE DEPORTES

OBXECTIVO

Incentivar a utilización activa do tempo de lecer motivando aos alumnos a participar en actividades deportivas que contribúan a ampliar a súa experiencia na actividade física e no deporte como medio de mellora da condición física e a saúde.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- ✓ Fomentar a práctica deportiva participando tanto en deportes individuais (Atletismo, Campo a Través, Bádminton, Deporte de Orientación e Tenis de mesa) coma colectivos (Baloncesto), tomando como base os pilares pedagóxicos do deporte: xogo limpo, cooperación, afán de superación, etc.
- ✓ Participar de xeito efectivo nos deportes citados dentro do programa XOGADE da Secretaría Xeral para o Deporte e/o unas alternativas aos mesmos que se propoñan tendo en conta a situación sanitaria provocada pola COVID 19.
- ✓ Participar de xeito efectivo en actividades deportivas organizadas polo Concello de Ourense (San Martiño, Correndo x Ourense, etc.) ou alternativas ás mesmas que se propoñan tendo en conta a situación sanitaria provocada pola COVID 19.
- ✓ Estudar alternativas para as ligas dos recreos tendo en conta a situación sanitaria provocada pola COVID 19.
- ✓ Seguir apoiando a proposta de actividades deportivas lúdicas novedosas como é o caso do patinaxe

LIÑAS DE ACCIÓN

Fomentar cando sexa preciso a participación nas actividades deportivas ou alternativas ás mesmas que se podan ofrecer por parte das administracións correspondentes.

Efectuar un informe ao remate do curso, para incorporalo a memoria final.

Avaliar tanto as actividades efectuadas en horario lectivo coma as realizadas fóra do mesmo.



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Facilitar unha educación integral do alumnado que favoreza o seu desenvolvemento académico, persoal e social tendo en conta os principios de prevención, formación, diagnóstico e intervención, traballando conxuntamente co departamento de Acción Evanxelizadora e facendo especial fincapé no alumnado e familias que presentan necesidades afectivas, emocionais e de acompañamento persoal.

Liñas de acción	Indicar actividade
Realizar avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo	Realizando avaliacións psicopedagóxicas do alumnado, previa solicitude do titor/a ao Departamento de Orientación.
Facilitar aos/ás titores/as os protocolos e documentos para a avaliación do alumnado	Proporcionando os documentos necesarios ao profesorado.
Establecer canles de comunicación, asesoramento e coordinación co Equipo de Orientación Específico (EOE) e outros especialistas externos que interveñen co alumnado.	Planificando reunións periódicas cos especialistas externos ao Centro
Manter reunións semanais entre o Departamento de Orientación e titores/especialistas para colaborar e organizar e valorar as actuacións desenvolvidas	Organizando o traballo a desenvolver co alumnado de maneira conxunta.
Colaborar cos profesorado/titores na elaboración das Adaptacións Curriculares Significativas e Non Significativas	Mantendo reunión para o traballo coxunto
Colaborar coa implementación do Plan de Acción Titorial en coordinación co Departamento de Acción Evanxelizadora, facilitando materiais nos casos que o requiran	Levando a cabo as titorías en colaboración cos titores
Incidir na prevención de conflitos entre o alumnado mediante a implantación do Plan de Convivencia e a mediación escolar.	Adecuando o Plan de Convivencia ás circunstancias actuais.



Colaborar na implantación do Plan de Atención á Diversidade e o Plan de Acollida do alumnado estranxeiro.	Implementación no centro do Plan de Atención á Diversidade e o Plan de Acollida
Aplicar programas e cuestionarios específicos para a orientación académico-profesional, facilitando o autocoñecemento, as opcións académico-profesionais e a toma de decisións	Elaboración de guías informativas. Elaboración de cuaderniños para o autocoñecemento e a toma de decisión.
Proporcionar o Consello Orientador aos alumnos de ESO	Cumplimentación do Consello Orientador na ESO
Informar e asesorar ás familias dos alumnos de ESO e FPB das opcións académico-profesionais.	Elaboración de charla informativa e titorías individuais referentes á temática
Intervir co alumnado que fose preciso de xeito individual ou grupal	Proposta de titorías individuais e/ou grupal



AULA DE ESPECIAL

Por en marcha os mecanismos de prevención e intervención precisos para que os ACNEAE poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, favorecendo a súa inclusión.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	ACCIÓNS
<p>Traballar de forma coordinada co profesorado, buscando a colaboración activa de titores/as e especialistas no proceso educativo do ACNEAE.</p>	<p>Colaborando cos titores/as na elaboración das programacións simplificadas das materias instrumentais en cada un dos cursos e as probas de diagnóstico internas.</p> <p>Empregando as follas de seguimento tendo como referencia os obxectivos das programacións simplificadas, así como os establecidos polos especialistas, que permitan observar a evolución do alumnado e unha planificación do seu traballo diario.</p> <p>Coordinándose coas titorías e profesorado especialista que interveñen con este alumnado nos tempos establecidos a tal fin.</p> <p>Mantendo unha especial atención sobre o cumprimento das medidas adoitadas na etapa no referente ao alumnado que recibe apoio (axustar a carga de traballo diario tanto na aula coma na casa, respectando o ritmo de aprendizaxe de cada alumno, non explicando temas novos en ausencia deste alumnado, deixar tempos para que os alumnos poidan recuperar e realizar a materia que se trata na súa falta, ...)</p>



	<p>Colaborando activamente na inclusión dos ACNEAE nas actividades complementarias, recreos, festivais, excursións que se poidan desenvolver na emerxencia sanitaria actual ..</p>
<p>Colaborar co profesorado titor na realización das adaptacións curriculares pertinentes e na adaptación de materiais se fose preciso.</p>	<p>Facilitando a información e materiais necesarios para a elaboración do documento ACS.</p> <p>Colaborando co titor ou titora na elaboración de material complementario para o alumnado con ACS que así o precise e asesorando ao profesorado á hora de aplicar a ACS.</p> <p>Observando o progreso do alumnado de maneira sistemática mediante unha avaliación conxunta dos obxectivos da ACS, e axuntando as observacións acerca do desenvolvemento da ACS no documento pertinente por parte do profesorado que incida no alumnado.</p> <p>Planificando a organización da aula e dos espazos comúns e das rutinas diarias dos ACNEAE.</p>
<p>Coordinar o traballo das familias na casa co que se realiza na escola.</p>	<p>Mantendo titorías coas familias conxuntamente cos titores/as a principio de curso e de forma periódica mediante o uso das plataformas telemáticas.</p>



	<p>Presentando un plan de traballo a realizar na aula de apoio coas indicacións correspondentes ás pautas a ter en conta na casa.</p> <p>Prestando sempre unha maior importancia aos progresos e non tanto aos resultados, empregando o reforzo positivo.</p> <p>Fomentando a participación das familias en todas as actividades que teñen que ver co colexio como apoio á inclusión dos seus fillo/as se as indicacións das autoridades o permiten durante o estado do covid.</p> <p>Velar pola protección de datos do alumnado.</p>
--	---



EQUIPO COVID

Membro 1	ÁLVARO CID BRAGADO	Cargo	DIRECTOR XERAL
<p>Tarefas asignadas</p> <p>Nomear membros do equipo COVID</p> <ul style="list-style-type: none"> •Coordinación COVID •Manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación e, de ser o caso, da Consellería de Sanidade ou con Sergas, coa persoa asignada do centro de saúde así como co persoal do centro e coas familias e alumnado. •Distribuír ou organizar a distribución do material de protección, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos en colaboración coa directora pedagóxica. •Levar individualizados o inventario e contabilización dos custos do material con respecto ás restantes subministracións do centro •Manter informada á comunidade educativa sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas no centro. •Interlocución coa administración (canle informática), co centro de saúde e coas familias. •Xestionar a plataforma educovid. 			

Membro 2	MARÍA SALOMÉ VILACHÁ FERNÁNDEZ	Cargo	DIRECTORA PEDAGÓXICA
<p>Tarefas asignadas</p> <p>Preparar e ter actualizada a relación de todo o alumnado e do persoal do centro (por aula e co profesor asignado á mesma ou en contacto co alumnado da mesma) no que figure a identificación persoal, un ou varios números de teléfono de contacto e o enderezo para, de ser o caso, poder trasladado ás autoridades sanitarias.</p> <ul style="list-style-type: none"> •Revisar o funcionamento do protocolo nas entradas, saídas, recreos, cambios de clase, uso aseos,.. e propor as modificacións necesarias. •Distribuír ou organizar a distribución do material de protección, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos en colaboración co resto do equipo. •Recoller e rexistrar os avisos dos membros da comunidade educativa logo da auto-enquisa e as de outras situacións. •Identificar, a través das titorías, ao alumnado que teña problemas de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. •Manter informada á comunidade educativa sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas no centro. 			



Membro 3	RUT MARÍA CHAVES IGLESIAS	Cargo	COORD. DE ACCIÓN EVANXELIZADORA
<p>Tarefas asignadas</p> <p>Recoller e rexistrar os avisos dos membros da comunidade educativa logo da auto-enquisa e as de outras situacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> •Revisar o funcionamento do protocolo nas entradas, saídas, recreos, cambios de clase, uso aseos,.. e propor as modificacións necesarias. •Manter informada á comunidade educativa sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas no centro. •Comprobar que as medidas levadas a cabo nos diferentes protocolos de actuación lévense a cabo adaptadas ao alumnado de NEAE 			





HORARIO ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

LUNS		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES	
15:30 16:30	PATINAXE (EI) Divino Maestro	15:30 16:30	GRUPOS D. MAESTRO (3º EP a 4º ESO-FPB) Divino Maestro	15:30 16:30	BABY BASKET (4º EI-1º EP Mixto) Divino Maestro	15:45 17:00	BALONCESTO (Junior Fem.) VI Instituto	15:30 16:30	BABY BASKET (4º EI-1º EP Mixto) Divino Maestro
16:45 17:45	PATINAXE (EP) Divino Maestro	15:45 17:15	BALONCESTO (Cadete Masc.) VI Instituto	15:45 17:00	BALONCESTO (Alevín Fem.) VI Instituto	16:45 18:00	BALONCESTO (Infantil Masc.) VI Instituto	15:45 17:10	BALONCESTO (Junior Fem.) VI Instituto
17:45 19:15	BALONCESTO (Alevín Masc.) VI Instituto	16:45 18:10	BALONCESTO (Benxamín Mixto) Divino Maestro	16:45 18:00	BALONCESTO (Cadete Fem.) VI Instituto	16:45 18:15	BALONCESTO (Alevín Fem.) Divino Maestro	16:45 18:10	BALONCESTO (Benxamín Mixto) Divino Maestro
18:00 19:00	PATINAXE (ESO) Divino Maestro	17:00 18:30	BALONCESTO (Cadete Fem.) VI Instituto	16:45 18:10	BALONCESTO (Benxamín Mixto) Divino Maestro	17:45 19:00	BALONCESTO (Cadete Masc.) VI Instituto	16:55 18:15	BALONCESTO (Cadete Fem.) VI Instituto
		18:15 19:45	BALONCESTO (Infantil Masc.) VI Instituto	17:45 19:00	BALONCESTO (Junior Masc.) VI Instituto	18:45 20:00	BALONCESTO (Junior Masc.) VI Instituto	18:00 19:20	BALONCESTO (Infantil Masc.) VI Instituto
		18:15 19:45	BALONCESTO (Alevín Fem.) Divino Maestro	18:15 19:45	BALONCESTO (Alevín Masc.) Divino Maestro			18:15 19:45	BALONCESTO (Alevín Masc.) Divino Maestro
		19:30 21:00	BALONCESTO (Junior Fem.) VI Instituto					19:05 20:25	BALONCESTO (Cadete Masc.) VI Instituto
								20:10 21:30	BALONCESTO (Junior Masc.) VI Instituto



SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Madrugadores

Todos os días de 7:30 a 9:00 horas.

Comedor escolar

Todos os días de 14:00 a 15:30 horas.

Reforzo educativos

REFORZOS EDUCATIVOS DE EDUACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MÉRCORES	XOVES
15:30 a 16:30	MATEMÁTICAS 3º Y 4º DAVID	LENGUA/ LINGUA 3º Y 4º ANDREA	
16:30 a 17:30	INGLÉS 5º Y 6º LEDICIA		
16:00 a 17:00		LENGUA/LINGUA 5º Y 6º MANUEL	MATEMÁTICAS 5º Y 6º JAVIER

REFORZOS E APOIOS EDUCATIVOS DE EDUACIÓN SECUNDARIA

PROFESORADO/MATERIA	DÍA /HORA
Salomé: Mat/FQ	Luns 18.00
Florencio: Mat/fQ	Luns 18.00
Marco: L. Castellana/In	Luns 17.00
Patricia: Fr/Xfia.Hª	Mércores 16.30
Conce: Lingua /L.Castell.	Xoves 15.30
Mª Luz: Religión	Venres 16:00
María del Carmen D.	Luns 18:30



Programa dirixido por Escuelas Católicas e Cambridge English Language Assessment que consiste nunha implantación gradual do ensino bilingüe español-inglés no Colexio reforzando e ampliando determinados aspectos da vida educativa lingüística do Currículo e do entorno escolar, a través de tres pilares básicos:

- Incremento cualitativo e cuantitativo do ensino do inglés.
- Formación específica do profesorado.
- Avaliación externa con Cambridge para alumnos, profesores e persoal do Centro.

Rede Abalar

Proxecto Abalar en 1º e 2º de ESO como resposta á integración das TIC na práctica educativa na nosa comunidade.

Plataforma de comunicación coas familias

A través da nosa Plataforma Esemtia información puntual dos aspectos académicos dos nosos alumnos.

Centro Promotor de Actividade Físico Deportiva

Aposta polo deporte e a actividade física como medio fundamental no desenvolvemento integral dos nosos alumnos.

Seguro Escolar

É voluntario para os alumnos. Cobre calquera accidente que poidan sufrir dentro do recinto colexial, ou en calquera actividade que sexa organizada polo colexio.

Programa SI

Proxecto de saúde integral para os alumnos de Educación Infantil e Educación Primaria, impulsado pola Fundación SHE (Foundation for Science, Health and Education) e o Concello.

Biblioteca de alumnos

Ofrecemos a posibilidade de préstamo de libros aos alumnos con carné previa petición, dentro do horario escolar.



UN CENTRO EN PASTORAL

CURSO
2020-2021

Centros Divino Maestro

**"TÚ
LO LLENAS
TODO"**

ENCARNI SALVADOR RECHE (BAZA)

**"CRISTO TODO
Y EN TODAS LAS COSAS" (COL.3, 11)**



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1.- Contribución do Plan de Acción Titorial ao logro das competencias básicas.

As actuacións reflexadas relaciónanse directamente coa competencia social e cidadá, a competencia en comunicación lingüística, a competencia para aprender a aprender e a competencia de autonomía e iniciativa personal, e indirectamente co resto de competencias: matemática, coñecemento e interacción do mundo físico, tratamento da información e do mundo dixital e competencia cultural e artística, sendo todas necesarias para acadar o obxectivo final da Orientación Educativa e Profesional: “contribuir a unha formación integral do alumnado e a súa preparación para a vida sociolaboral”.

A competencia social e cidadá desenvólvese como un aspecto nuclear que interacciona co resto de competencias básicas debido a complexidade das sociedades democráticas avanzadas e os novos retos: a igualdade entre sexos, a loita contra a exclusión social, o respecto pola diversidade e singularidade, a mellora da convivencia, a loita contra condutas violentas, a responsabilidade polas xeracións futuras, o cambio climático e o coidado do medio, o desenvolvemento tecnolóxico, ...e outros problemas propios das sociedades avanzadas como os trastornos alimenticios ou adicións ás novas tecnoloxías.

O alumnado desenvolverá diferentes capacidades e habilidades que lle permitan unha axustada toma de decisións; elixir libremente implica buscar información, seleccionala, analizala, sintetizala e transformala en coñecemento útil para o desenvolvemento autónomo. Estas destrezas están relacionadas con todas as competencias.

Obxectivos das diferentes competencias:

- **Competencia social e cidadá:**

- Reflexionar de forma crítica sobre as situacións de inxustiza social e de discriminación co fin de consolidar valores de cooperación, solidariedade, xustiza e non violencia.

- Expresar as propias opinións, pensamentos, valores e sentimentos de forma asertiva, contribuíndo a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal.



- escoitar activamente e saber poñerse no lugar do outro, comprendendo o seu punto de vista e desenvolvendo a capacidade de empatía.

- Relacionarse, cooperar e traballar en equipo.

- Comprender os valores democráticos.

- Valorar e respectar a diversidade.

- Fomentar habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais.

- Experimentar a práctica do diálogo como medio para afrontar e resolver as situacións de conflito mediante procedementos pacíficos.

- **Coñecemento e interacción co mundo físico:**
 - Coñecer as características das diferentes institucións formativas sobre as que realizará a toma de decisións vocacional.

 - Localizar no espazo próximo os diferentes servizos de asesoramento e orientación; servizos de orientación universitaria, centros de saúde,...

 - Analizar a acción do ser humano sobre o medio e interesarse pola conserva do ambiente fomentando a participación nos diferentes proxectos do centro.

- **Competencia cultural e artística:**
 - Desenvolver a sensibilidade para gozar con distintas expresións do patrimonio natural e cultural.

 - Valorar o cine como medio para desenvolver valores.

 - Interesarse por contribuir á conservación do patrimonio cultural e artístico.

- **Tratamento da información e competencia dixital:**
 - Obter información a través de fontes de distinta natureza: prensa, libro de texto, internet...

 - Utilizar os buscadores para localizar información en internet, principalmente de cara ó asesoramento vocacional.

 - Relacionar, analizar, compara e sintetizar a información procedente das diferentes fontes traballadas.



- **Competencia de comunicación lingüística:**

- Interpretar textos de tipoloxía diversa.
- Saber expresar axeitadamente as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, a descrición e a argumentación.
- Defender o punto de vista persoal con argumentos coherentes e pertinentes.
- Elaborar definicións dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
- escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico.

- **Competencia matemática:**

- Interpretar escalas numéricas e gráficas.
- Analizar e comparar a información de táboas, listaxes, gráficos e mapas.

- **Competencia para aprender a aprender:**

- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Buscar explicacións multicausais para comprender un fenómeno e avaliar as súas consecuencias.
- Anticipar posibles escenarios ou consecuencias das accións individuais e sociais.
- Saber comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo.
- Tomar conciencia do que se aprendeu e o que falta por aprender.

- **Autonomía e iniciativa persoal:**

- Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.
- Tomar decisións e saber escoller a maneira de recuperar a información máis axeitada en cada caso.
- Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas.



2.- Obxectivos:

- Referidos ao alumnado:

1.- Proporcionar información referente ao calendario escolar, horarios, horas de titorías, actividades extraescolares, criterios de avaliación,...

2.- Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros documentos.

3.- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.

4.- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino aprendizaxe do alumno para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas axeitadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

5.- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

6.- Orientar ao alumnado no seu proceso formativo.

7.- Favorecer e potenciar as habilidades persoais e sociais individuais e grupais.

8.- Promover a convivencia e a resolución pacífica de conflitos a través do diálogo.

9.- Favorecer o proceso de maduración vocacional, orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

- Referidos ao equipo docente:

1.- Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas que presenten problemas específicos.

2.- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.

3.- Informar e obter información sobre a evolución das Adaptacións Curriculares cos alumnos con necesidades educativas específicas do seu grupo, en coordinación co D.O.



4.- Colaborar cos demais titores e co Departamento de Orientación no marco dos Proxectos Educativos e Curriculares de centro.

5.- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos.

6.- Ter informados ao Xefe de Estudos e ao resto do Equipo Educativo das faltas de asistencia e puntualidade do seu alumnado de Formación Profesional Básica, Educación Secundaria Obligatoria e Educación Primaria na primeira hora de clase. En Educación Infantil ter constancia das faltas e preguntar aos pais. Cando un alumno teña un número de faltas considerable sen justificar avisarase ao Departamento de Orientación e a Dirección para tomar medidas xunto cos Servizos Sociais.

7.- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.

- Referidos ás relacións cas familias:

1.- Proporcionar no principio de curso ás familias información referente ao calendario escolar, horas de titorías, actividades extraescolares e complementarias, os criterios de avaliación,...

2.- Informar aos pais de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico dos seus fillos.

3.- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais dos alumnos.

4.- Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación os seus fillos.

5.- Ter informados aos pais das faltas de asistencia ou puntualidade dos seus fillos.

6.- Informar aos pais ou titores dos conflitos disciplinarios dos alumnos, así como das sancións ou medidas propostas.

3.- Accións específicas co alumnado

- Acollida ao alumnado:

A acollida dos alumnos farase en Educación Primaria no salón de actos, onde se presentarán os profesores e titores de cada clase para logo cada clase estar co seu titor na aula correspondente e onde se tratarán aspectos máis concretos (materias, recollida de datos do alumnado, presentacións dos alumnos de nova incorporación, horarios, normas de funcionamento,...). En Educación Secundaria Obligatoria e Formación Profesional Básica cada titor acollerá aos seus alumnos na súa clase.



- Avaliación inicial:

A avaliación inicial é fundamental ao comezo de todos os cursos para poder orientar a actividade académica. Coñécese o nivel de partida do alumnado e prevense posibles dificultades de desenvolvemento ou de aprendizaxe. Inclúense nesta avaliación inicial as seguintes probas:

- Áreas académicas e Competencias Básicas; onde se determinarán os contidos mínimos nas áreas de matemáticas, lingua e lingua, plantexando o alumnado con necesidades de apoios e reforzos.
- Enquisa para cubrir a ficha do titor de cada alumno.

Esta información permitirá realizar a avaliación inicial de cada un dos grupos e determinar na xunta de avaliación inicial se se precisa algunha avaliación psicopedagóxica ou un seguimento máis individualizado.

- Sesións grupais de tutoría:

As sesións de tutoría desenvólvense segundo a programación establecida, que incluírá, entre outras, as seguintes sesións:

- Acollida do alumnado.
- Avaliación inicial.
- Elección de delegado.
- Análise de normas de convivencia.
- Programa de Prevención para Tutorías para Infantil, Primaria, Secundaria e Formación Profesional Básica- PPT, FERE-CECA como ferramenta de apoio as sesións de tutoría
- Orientación académico-profesional.
- Plan de Pastoral.
- Análise da avaliación e propostas de mellora.

Esta programación terá que modificarse en función das características específicas do grupo de alumnos e/ ou circunstancias puntuais que repercutan no funcionamento do grupo-clase.

Para facilitar o traballo nestas sesións de tutoría pódense organizar reunións dos titores co Departamento de Orientación. O Departamento de Orientación elaborará material específico para o traballo nas sesións de tutoría coa colaboración do profesorado que desenvolverá a función titorial sempre que se solicite.



- Distribución dos temas de titoría no curso:

Os temas a traballar en cada unha das horas de titoría ao longo do curso distribúense nunha reunión de titores en setembro/outubro, antes de comezar as clases cos alumnos. Nesta reunión escolleranse os temas para cada un dos cursos e distribuiranse segundo o calendario escolar.

A distribución para o curso 2019/2020 está reflectada no Anexo 1, onde se especifican os temas de titoría en Educación Infantil, Primaria, E.S.O. e FPB.

- Entrevistas persoais co alumnado:

Ademais do traballo de titoría con todo o grupo, resultará necesario e habitual que teñamos que realizar entrevistas de forma individualizada co alumno, ben por algún problema de disciplina ou para orientar de forma particular,... para estes efectos cada titor/a atenderá individualmente ao alumnado que o requira ao igual que o Departamento de Orientación.

4.- Accións específicas coas familias

- Acollida

No mes de setembro/outubro realizarase unha reunión grupal das diferentes Etapas e cos pais de cada curso na aula onde se explicará o funcionamento do centro e normas xerais; trataranse os aspectos máis importantes do mesmo curso. O titor aclarará calquer dúbida que teñan os pais e anotará as suxerencias sobre os puntos tratados. Establécese una comisión con tres pais de cada clase; levaranse a cabo reunións de comisión de pais unha vez por trimestre por parte de cada titor e unha reunión grupal cada trimestre.

- Entrevistas persoais coas familias

As entrevistas coas familias que así o soliciten realizaranse no horario específico da titoría (hora de atención a pais), previa solicitude ao titor ou profesor.

- Comunicacions e correspondencias

Entregarase comunicacions escritas ás familias por medio dos alumnos. Tamén se empregará o teléfono como medio de comunicación e as novas tecnoloxías (eseintia).



- Escola de pais e nais.

Dende o Concello organízanse charlas con temáticas de interese para pais e nais dos alumnos do colexio ao longo de todo curso.

5.- Accións específicas sobre as relacións do equipo docente

- Xunta de avaliación inicial

O/a titor/a aportará o informe de avaliación inicial no que aparecerán reflectidos os resultados xerais de todo o grupo nos diferentes apartados avaliados. Ademais na Xunta de avaliación inicial o titor/a remitirá ao

Departamento de Orientación, previa consulta co equipo educativo, as solicitudes de avaliación psicopedagóxicas que considere oportunas en función das dificultades que atope no alumnado e tendo en conta as probas realizadas.

Nesta avaliación farase una avaliación grupal onde se sinalen os resultados do grupo nas diferentes áreas; analizaranse os casos propostos polo titor ou titora e resto dos membros do equipo educativo, chegando a acordos e decisións sobre casos particulares, especialmente no caso de alumnos con reforzo, apoios ou Adaptacións Curriculares e establecendo a coordinación entre o profesorado; a utilidade das medidas de reforzo, apoio ou adaptación curricular e a necesidade de mantelas, modificalas ou eliminalas, en coordinación co Departamento de Orientación.

- Rexistro de observacións e incidencias

Cando algún alumno realiza algún acto contrario ás normas de convivencia é responsabilidade de calquera profesor a corrección da súa conduta, se se considerase necesario corrixiríase coa asistencia a Xefatura de estudos. Farase constancia do motivo da sanción e o seu cumprimento. Poderanse poñer en coñecemento dos pais os incidentes.

- Supervisión da asistencia a clase

É responsabilidade directa de cada un dos profesores das materias. O profesor que imparta a primeira hora de clase debe comunicar a portería as ausencias dos alumnos e avisarase aos pais vía telefónica, quedando reflexado na plataforma esemtia. As faltas de puntualidade anotaranse no parte e seguirase un control por parte do titor.



6.- Recursos

- Recursos materiais

Ademais dos materiais elaborados polo titor/a e Departamento de Orientación, utilizarase como material básico de traballo o Programa de Prevención de Titorias de FERE, tanto na etapa de Infantil como Primaria, a E.S.O. e FPB. Tamén se aproveitarán os recursos facilitados polo Concello.

- Recursos personales

Cada grupo terá como responsable da acción titorial directa co grupo ao titor/a designado ao comezo de curso. Nesta tarefa os titores/as terán o apoio do Departamento de Orientación con todo o persoal que o compón, Orientador, profesora de Pedagogía Terapéutica, profesora de Audición e Linguaxe e persoal complementario.

7.- Avaliación do Plan de Acción Titorial.

- Criterios de avaliación

- Adecuación dos obxectivos xerais.
- Desenvolvemento das actividades co grupo e as familias.
- Relevancia dos contidos seleccionados.
- Consecución dos obxectivos.
- Funcionamento das actividades.
- Funcionamento da coordinación co equipo docente.
- Funcionamento dos aspectos organizativos e metodolóxicos.

- Procedementos para realizala avaliación:

- Información das reunións de coordinación e seguimento do PAT.
- Datos aportados polos alumnos, pais e profesores.

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL 2020/2021						CURSO: 4º EI
PRIMEIRA AVALIACIÓN		SEGUNDA AVALIACIÓN		TERCEIRA AVALIACIÓN		
SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	
Setembro 14-18	Hábitos de hixiene/Acollida Do Grupo	Xaneiro 11-15	Francisco Blanco Nájera	Abril 6-9	Pascua	
Setembro 21-25	Normativa aula/hábitos de hixiene	Xaneiro 18-22	Día mundial da educación	Abril 12-16	Emocións: rabetas	
Setembro - Outubro 28-2	Emocións: tristeza	Xaneiro 25-29	Día Da Paz E A Non Violencia- Madre Soledad	Abril 19-23	Día Do Libro	
Outubro 5-9	Emocións: frustración	Febreiro 1-5	Emocións: Alegría	Abril 26-30	Día Internacional Contra O Acoso Escolar	
Outubro 12-16	Domund	Febreiro 8-12	Entroido	Maio 3-7	Emocións: medo	
Outubro 19-23	Emocións: Sorpresa	Febreiro 15-19	Ceniza	Maio 10-14	Letras Galegas	
Outubro 26-30	Madre Soledad	Febreiro 22-26	Emocións: empatía	Maio 17-21	Aniversario Blanco Nájera	
Novembro 2-6	Divino Maestro	Marzo 1-5	Emocións: empatía	Maio 24-28	Tarde Misioneira	
Novembro 9-13	Divino Maestro	Marzo 8-12	Día internacional da muller traballadora	Maio-Xuño 31-4	Emocións: Enfado	
Novembro 16-20	Día Universal Da Infancia	Marzo 15-19	Coresma/morte	Xuño 7-11	Preparación Festival	
Novembro 23-29	Día Universal Contra A Violencia De Xénero	Marzo 22-26	Día Internacional Da Muller: Igualdade De Xénero Coresma	Xuño 14-18	Preparación Festival	
Novembro-Decembro 30-4	Advento					
Decembro 7-11	Día internacional dos dereitos humanos/Advento					
Decembro 14-18	Advento					

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL 2020/2021						CURSO: 5º EI
PRIMEIRA AVALIACIÓN		SEGUNDA AVALIACIÓN		TERCEIRA AVALIACIÓN		
SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	
Setembro 14-18	Hábitos de hixiene/Acollida Do Grupo	Xaneiro 11-15	Francisco Blanco Nájera	Abril 6-9	Pascua	
Setembro 21-25	Normativa aula/hábitos de hixiene	Xaneiro 18-22	Día mundial da educación	Abril 12-16	Emocións: rabieta	
Setembro - Outubro 28-2	Emocións: tristeza	Xaneiro 25-29	Día Da Paz E A Non Violencia- Madre Soledad	Abril 19-23	Día Do Libro	
Outubro 5-9	Emocións: frustración	Febreiro 1-5	Emocións: Alegría	Abril 26-30	Día Internacional Contra O Acoso Escolar	
Outubro 12-16	Domund	Febreiro 8-12	Entroido	Maio 3-7	Emocións: medo	
Outubro 19-23	Emocións: Sorpresa	Febreiro 15-19	Ceniza	Maio 10-14	Letras Galegas	
Outubro 26-30	Madre Soledad	Febreiro 22-26	Emocións: empatía	Maio 17-21	Aniversario Blanco Nájera	
Novembro 2-6	Divino Maestro	Marzo 1-5	Emocións: empatía	Maio 24-28	Tarde Misioneira	
Novembro 9-13	Divino Maestro	Marzo 8-12	Día internacional da muller traballadora	Maio-Xuño 31-4	Emocións: Enfado	
Novembro 16-20	Día Universal Da Infancia	Marzo 15-19	Coresma/morte	Xuño 7-11	Preparación Festival	
Novembro 23-29	Día Universal Contra A Violencia De Xénero	Marzo 22-26	Día Internacional Da Muller: Igualdade De Xénero Coresma	Xuño 14-18	Preparación Festival	
Novembro-Decembro 30-4	Advento					
Decembro 7-11	Día internacional dos dereitos humanos/Advento					
Decembro 14-18	Advento					

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL 2020/2021						CURSO: 6º EI
PRIMEIRA AVALIACIÓN		SEGUNDA AVALIACIÓN		TERCEIRA AVALIACIÓN		
SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	
Setembro 14-18	Hábitos de hixiene/Acollida Do Grupo	Xaneiro 11-15	Francisco Blanco Nájera	Abril 6-9	Pascua	
Setembro 21-25	Normativa aula/hábitos de hixiene	Xaneiro 18-22	Día mundial da educación	Abril 12-16	Emocións: rabieta	
Setembro - Outubro 28-2	Emocións: tristeza	Xaneiro 25-29	Día Da Paz E A Non Violencia- Madre Soledad	Abril 19-23	Día Do Libro	
Outubro 5-9	Emocións: frustración	Febreiro 1-5	Emocións: Alegría	Abril 26-30	Día Internacional Contra O Acoso Escolar	
Outubro 12-16	Domund	Febreiro 8-12	Entroido	Maio 3-7	Emocións: medo	
Outubro 19-23	Emocións: Sorpresa	Febreiro 15-19	Ceniza	Maio 10-14	Letras Galegas	
Outubro 26-30	Madre Soledad	Febreiro 22-26	Emocións: empatía	Maio 17-21	Aniversario Blanco Nájera	
Novembro 2-6	Divino Maestro	Marzo 1-5	Emocións: empatía	Maio 24-28	Tarde Misioneira	
Novembro 9-13	Divino Maestro	Marzo 8-12	Día internacional da muller traballadora	Maio-Xuño 31-4	Emocións: Enfado	
Novembro 16-20	Día Universal Da Infancia	Marzo 15-19	Coresma/morte	Xuño 7-11	Preparación Festival	
Novembro 23-29	Día Universal Contra A Violencia De Xénero	Marzo 22-26	Día Internacional Da Muller: Igualdade De Xénero Coresma	Xuño 14-18	Preparación Festival	
Novembro-Decembro 30-4	Advento					
Decembro 7-11	Día internacional dos dereitos humanos/Advento					
Decembro 14-18	Advento					

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL 2020/2021						CURSO: 1 EP
PRIMEIRA AVALIACIÓN		SEGUNDA AVALIACIÓN		TERCEIRA AVALIACIÓN		
SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	
Setembro 21-25	ACOLLIDA DO GRUPO Dinámica: Identificar os desexos con un obxecto	Xaneiro 11-15	Francisco Blanco Nájera	Abril 6-9	Pascua	
Setembro - Outubro 28-2	Normativa de aula e de centro	Xaneiro 18-22	Día mundial da educación	Abril 12-16	A nosa casa común 1 (coidamos o planeta)	
Outubro 5-9	Normativa de aula e de centro	Xaneiro 25-29	Día Da Paz E A Non Violencia – Madre Soledad	Abril 19-23	Día Do Libro	
Outubro 12-16	Domund	Febreiro 1-5	OS SENTIMENTOS	Abril 26-30	Día Internacional Contra O Acoso Escolar	
Outubro 19-23	Os valores da nosa aula	Febreiro 8-12	Entroido	Maio 3-7	A Nosa casa común 2 (coidamos o planeta)	
Outubro 26-30	Madre Soledad	Febreiro 15-19	Ceniza	Maio 10-14	Letras Galegas	
Novembro 2-6	Divino Maestro	Febreiro 22-26	Qué decido? (reaccións asertivas)	Maio 17-21	Aniversario Blanco Nájera	
Novembro 9-13	Divino Maestro	Marzo 1-5	Grandes artistas autoestima	Maio 24-28	Tarde Misioneira	
Novembro 16-20	Día Universal Da Infancia	Marzo 8-12	Día internacional da muller traballadora	Maio-Xuño 30-4	Revisión do curso	
Novembro 23-27	Día Universal Contra A Violencia De Xénero	Marzo 15-19	Coresma/morte	Xuño 7-11	Preparación Festival	
Novembro- Decembro 30-4	Advento	Marzo 22-26	Día Internacional Da Muller: Igualdade De Xénero Coresma	Xuño 14-18	Preparación Festival	
Decembro 7-11	Día internacional dos dereitos humanos/Advento					
Decembro 14-18	Advento					

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL 2020/2021						CURSO: 2º EP
PRIMEIRA AVALIACIÓN		SEGUNDA AVALIACIÓN		TERCEIRA AVALIACIÓN		
SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	
Setembro 21-25	ACOLLIDA DO GRUPO COÑECEMOS A PRIMARIA	Xaneiro 11-15	Francisco Blanco Nájera	Abril 6-9	Pascua	
Setembro - Outubro 28-2	NORMAS DE CONVIVENCIA (reunión coas familias e normas de aula)	Xaneiro 18-22	Día mundial da educación	Abril 12-16	UN MOMENTOS: ¡CAMBIO! (pensamento positivo)	
Outubro 5-9	A SOLIDARIDADE (profundizamos ná empatía)	Xaneiro 25-29	Día Da Paz E A Non Violencia – Madre Soledad	Abril 19-23	Día Do Libro	
Outubro 12-16	Domund	Febreiro 1-5	GRANDES ARTÍSTAS (autoestima)	Abril 26-30	Día Internacional Contra O Acoso Escolar	
Outubro 19-23	APRENDEMOS A PENSAR	Febreiro 8-12	Entroido	Maio 3-7	BUSCANDO SOLUCIÓN (resolución de conflitos)	
Outubro 26-30	Madre Soledad	Febreiro 15-19	Ceniza	Maio 10-14	Letras Galegas	
Novembro 2-6	Divino Maestro	Febreiro 22-26	ESCOITO O QUE DIS (escoita activa)	Maio 17-21	Aniversario Blanco Nájera	
Novembro 9-13	Divino Maestro	Marzo 1-5	QUÉ DECIDO? (reaccións asertivas)	Maio 24-28	Tarde Misioneira	
Novembro 16-20	Día Universal Da Infancia	Marzo 8-12	Día internacional da muller traballadora	Maio-Xuño 30-4	REVISIÓN DO CURSO	
Novembro 23-27	Día Universal Contra A Violencia De Xénero	Marzo 15-19	Coresma	Xuño 7-11	Preparación Festival	
Novembro-Decembro 30-4	Advento	Marzo 22-26	Día Internacional Da Muller: Igualdade De Xénero	Xuño 14-18	Preparación Festival	
Decembro 7-11	Día internacional dos dereitos humanos/Advento					
Decembro 14-18	Advento					

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL 2020/2021				Rut M ^a Chaves Iglesias		CURSO: 3º EP	
PRIMEIRA AVALIACIÓN		SEGUNDA AVALIACIÓN		TERCEIRA AVALIACIÓN			
SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS		
Setembro 10-11	ACOLLIDA DO GRUPO: Actividades de coñecemento LEMA DO CURSO: Explicación e profundización ACTIVIDADES COVID19	Decembro 30 Nov.- 4 Decem.	ADVENTO: motivación inicial	Abril 06-09	CATEQUESE DE PASCUA		
Setembro 14-18	LEMA DO CURSO: Explicación e profundización ACTIVIDADES COVID19 PROBAS AVAL. INICIAL	Decembro 09-11	ADVENTO:MOTIVACIÓN PARA O NADAL	Abril 12-16	CLASSROOM RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS-MEDIACIÓN		
Setembro 21-25	AVALIACIÓNS INICIAIS DINÁMICAS DE COHESIÓN GRUPAL	Decembro 14-18	REVISIÓN DO TRIMESTRE Revisión e avaliación.	Abril 19-23	Día do libro – PASCUA Actividades para celebrar o Día do libro Catequese de Pascua		
Setembro - Outubro 28-2	CLASSROOM DINÁMICAS DE COHESIÓN GRUPAL: Cariñoograma	Xaneiro 11-15	FCO. BLANCO NÁJERA: Lembranza ao fundador	Abril 26-30	OS MAIOS: Traballamos os Maios, tradición, coplas...		
Outubro 5-9	CLASSROOM Dinámicas tutoriais para traballar a empatía	Xaneiro 18-22	CLASSROOM RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS-MEDIACIÓN: Dinámicas relacionadas co tema	Maio 03-07	CLASSROOM RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS-MEDIACIÓN		
Outubro 13-16	CLASSROOM Dinámicas tutoriais para traballar a empatía	Xaneiro 25-29	DÍA DA PAZ E A NON VIOLENCIA- M. SOLEDAD Actividades Día da Paz Lembranza de Madre Soledad na aula.	Maio 10- 14	LETRAS GALEGAS 2021		
Outubro 19-23	DOMUND: Catequese do Domund, motivación	Febreiro 1-5	CLASSROOM RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS-MEDIACIÓN LEMBRANZA M.SOLEDAD (Nac.)	Maio 18-21	TARDE MISIONEIRA Catequese das Misións		
Outubro 26-30	LEMBRANZA M. SOLEDAD	Febreiro 08-12	ENTROIDO: Traballamos dende a titoría	Maio 24-28	ANIVERSARIO BLANCO NÁJERA (Nac.)		
Novembro 02-06	MOTIVACIÓN DIVINO MAESTRO	Febreiro 18-19	CORESMA: Imposición da Cinsa	Maio-Xuño 31-04	CLASSROOM RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS-MEDIACIÓN		
Novembro 09-13	CATEQUESE DIVINO MAESTRO Encontros con xesús	Marzo 01-05	CORESMA: Motivación dendê a titoría.	Xuño 07-11	ACTIVIDADES FINAL DE CURSO		
Novembro 16-20	CLASSROOM Dinámicas tutoriais para traballar a empatía	Marzo 08-12	Día internacional da muller: Igualdade de xénero CORESMA: catequese de Coresma	Xuño 14 - 18	ACTIVIDADES FINAL DE CURSO		
Novembro 23-27	ADVENTO: Catequese de Advento	Marzo 15-19	LEMBRANZA DE SAN XOSÉ CORESMA: catequese de Coresma				
		Marzo 22-26	ÚLTIMA SEMANA DE CORESMA MOTIVACIÓN SEMANA SANTA: Penitencia				

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL 2020/2021						CURSO: 4º E.P.
PRIMEIRA AVALIACIÓN		SEGUNDA AVALIACIÓN		TERCEIRA AVALIACIÓN		
SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	SEMANAS	TEMAS	
Setembro 21-25	Acollida alumnado	Xaneiro 11-15	Francisco Blanco Nájera	Abril 6-9	Pascua	
Setembro - Outubro 28-2	Periodo de adaptación postcovid	Xaneiro 18-22	Día mundial da educación	Abril 12-16	Respeto	
Outubro 5-9	Periodo de adaptación postcovid	Xaneiro 25-29	Día Da Paz E A Non Violencia – Madre Soledad	Abril 19-23	Día Do Libro	
Outubro 12-16	Domund	Febreiro 1-5	Cohesión grupal	Abril 26-30	Día Internacional Contra O Acoso Escolar	
Outubro 19-23	Somos todos iguais	Febreiro 8-12	Entroido	Maio 3-7	Igualdade de xénero	
Outubro 26-30	Madre Soledad	Febreiro 15-19	Ceniza	Maio 10-14	Letras Galegas	
Novembro 2-6	Divino Maestro	Febreiro 22-26	Empatía	Maio 17-21	Aniversario Blanco Nájera	
